

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

RESOLUCIÓN do 27 de febreiro de 2015, da Dirección Xeral de Familia e Inclusión, pola que se procede á publicación das entidades beneficiarias e do importe das axudas concedidas en virtude da Orde do 28 de xullo de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións de programas desenvolvidos polas corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, cofinanciada polo Fondo Social Europeo 2007/2013.

De conformidade co disposto no artigo 18.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, procédese á publicación das entidades beneficiarias e do importe das axudas concedidas, segundo o establecido no artigo 6.11 da Orde do 28 de xullo de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións de programas desenvolvidos polas corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, cofinanciada polo Fondo Social Europeo 2007/2013.

Finalidade da axuda: a presente orde regula a convocatoria de subvencións ás corporacións locais para o cofinanciamento de programas desenvolvidos polos servizos sociais de titularidade municipal dirixidos á inclusión sociolaboral da poboación xitana, da poboación inmigrante e outras persoas en risco de exclusión residentes en Galicia.

Norma reguladora: Orde do 28 de xullo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións de programas desenvolvidos polas corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, cofinanciada polo Fondo Social Europeo 2007/2013 (*Diario Oficial de Galicia* nº 145, do 1 de agosto de 2014).

Crédito orzamentario:

526.723,00 euros, na aplicación orzamentaria 11.05.313C.460.1.

373.260,00 euros, na aplicación orzamentaria 11.05.312C.460.0.

688.285,99 euros, na aplicación orzamentaria 11.05.313C.460.2.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2015

María Amparo González Méndez
Directora xeral de Familia e Inclusión



ANEXO

Solicitantes corporacións locais	Importe concedido Plan xitano	Importe concedido Programa Risga	Importe concedido Programa Inmigrantes
O Carballiño	12.520,00		17.070,40
O Porriño	33.395,95		
Quiroga	24.080,00		
Con. As Mariñas		57.500,00	8.000,00
Maside	24.130,00		
Marín	17.217,00		14.085,00
Santiago de Compostela	41.497,34	44.638,94	25.000,00
Lugo	50.000,00		25.000,00
Ribadavia	9.600,00		
Vigo	50.000,00	62.500,00	25.000,00
Pontevedra	23.840,00	19.301,48	
Arteixo	43.160,00		13.464,86
Burela	396,30		25.000,00
Bergondo	16.122,81		
Xinzo de Limia	50.000,00		25.000,00
Narón	32.020,00		
Culleredo	48.539,79		
Vilaboa			25.000,00
Esgos	7.350,00		
Ribeira	9.805,00		16.440,00
Ourense	50.000,00	19.326,13	25.000,00
Ames			25.000,00
Viveiro	36.795,00		22.000,00
A Coruña	50.000,00	100.000,00	25.000,00
Monforte de Lemos	2.800,00		4.537,50
Lalín			24.175,60
Ferrol		37.707,34	3.000,00
Verín	20.981,92		20.100,00
Maceda	5.455,00		

